



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS OU TRANSPORTES**

### Artigo 1.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por servizos especiais por espectáculos ou transportes, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, normas que atenden ó previsto no artigo 58 da Lei 39/1988.

### Artigo 2.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos seguintes servizos especiais, de competencia municipal, a instancia de parte:
  - a) Vixilancia, protección, ordenación e regulación do tráfico, estacionamento de vehículos e calesquera outros que sexan motivados pola celebración de espectáculos, espallamentos, e en xeral actos públicos que, pola súa natureza, pola aglomeración de público cos mesmos provoquen ou polas necesidades de ordenar o acceso e saída de público e vehículos así o esixan.
  - b) Condución, vixilancia e acompañamento de transportes pesados.
  - c) Grandes transportes de caravanas a través do casco urbano.
  - d) Os servizos técnicos e administrativos relativos á concesión de autorizacións para para a realización de transporte escolar de carácter urbano, coa finalidade de obter as máximas condicións de seguridade.
  - e) Calesquera outros servizos especiais que sexan motivados por outras actividades esixan a súa prestación.
2. A estes efectos, entenderanse prestados a instancia de parte os referidos servizos cando éstos foran provocados polo particular ou redunden no seu beneficio, inda que non mediara solicitude expresa.

1

### Artigo 3.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da citada Lei Xeral Tributaria que sexan:

- a) Titulares, empresarios ou organizadores, no seu caso, dos espectáculos, espallamentos ou actos públicos que motiven ou obriguen a este Concello a presta-los servizos especiais sinalados no artigo anterior.
- b) Titulares da empresa dos servizos de transporte e, de non estar os vehículos afectos a unha actividade empresarial, os propietarios dos mesmos, e
- c) Peticionarios dos demais servizos especiais e causantes e beneficiarios dos mesmos, inda que non os soliciten.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## Artigo 4.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

## Artigo 5.- Cota tributaria

A cota será desta taxa a que figura no anexo desta Ordenanza.

## Artigo 6.- Exencións

Están exentos do pago da Taxa os servizos prestados para actos públicos e transportes realizados polo Estado, a Comunidade Autónoma e a Provincia.

## Artigo 7.- Devengo

1. Devengase a taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a prestación dos servizos, entendendo a estes efectos que a devandita iniciación se produce ca solicitude dos mesmos.
2. No suposto da concesión da autorización para realiza-lo transporte escolar, a Taxa devengarase cando se outorgue tal autorización.

2

## Artigo 8.- Declaración e ingreso

1. Os suxeitos pasivos que se propoñan celebrar espectáculos públicos, ou os que motiven a prestación de servizos regulados nesta Ordenanza, presentarán no Concello o correspondente escrito de solicitude.
2. Cada autorización concedida ou servizo prestado será obxecto de liquidación individual e autónoma. Esta liquidación será notificada para ingreso directo, unha vez que fora prestado o servizo ou concedida a autorización, e o seu pago efectuarase nos prazos que sinala o artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación.
3. O ingreso desta Taxa poderase esixir no momento de presentación da solicitude, en calidade de depósito previo.

## Artigo 9.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

## ANEXO

### TARIFAS

Por cada Policía Municipal motorizado, hora ou fracción.....6,643965 €



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 7 de novembro de 2005, sen que se presentaran reclamacións, entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.